



Ollos abertos

Unha chegada imprevista

É frecuente facer visitas para coñecer e entrar en relación con outras persoas e outros pobos.



Unha visita a un pobo descoñecido

Había unha tribo de indios no Amazonas que vivían completamente illados do resto do mundo. Alí non chegara nin a radio nin a televisión nin os xornais; tampouco coñecían os progresos da ciencia e a técnica: vivían de forma moi primitiva; as súas casas eran chozas feitas de pólas de árbores.

Comían do que obtiñan na terra ou o que cazaban no monte. Non podían viaxar porque non tiñan medios de transporte. Os seus instrumentos para a agricultura e para a caza eran moi rudimentarios, feitos por eles mesmos; non tiñan menciñas para combater as enfermidades, máis que algunhas herbas que collían nos campos. Pero eran felices porque non sabían que existían outros pobos máis avanzados.

Un día apareceu no seu poboado unha persoa estraña. Ao vela aparecer, quedaron sorprendidos, porque tiña outra cor de pel e vestía de forma diferente. Dicía cousas que eles non entendían e tiña costumes e comportamentos moi distintos dos seus. E comentaban entre eles: ¿Quen será este? ¿A que virá? ¿Que quererá de nós? ¿Como debemos actuar?”.

▶ ¿Que farías ti se foses un dos indios dese poboado?

▶ ¿Que lles aconsellarías que fixesen?




- Desconfiar del.
- Mostrar curiosidade.
- Expulsalo do poboado.
- Acollelo e ofrecerlle casa e comida.
- Falar con el e escoitar o que di.
- Esperar a ver como se comportaba.



Mirada penetrante

Motivos diversos para a relación

Os motivos polos que unha persoa vén a visitarnos ou quere entrar en relación con nós, poden ser moi diversos.

Razóns polas que entran en relación con nós...	Tipos	¿Como nos comportamos ante elas?
Para pescudar: para decatarse do que pensamos, de como vivimos, de que temos na casa (mobles, aparatos...)	<input type="radio"/> curioso	
Para aproveitarse de nós: para pedirnos algo, para que lle fagamos algún favor, para usar as cousas que temos...	<input type="radio"/> aproveitado	
Para facerse noso amigo: compartir o que tén connosco, axudarnos no que poida, ensinarnos algo que non sabemos...	<input type="radio"/> amigo	



Oídos atentos

Xesús, enviado por Deus

Pobo de Israel esperaba o Mesías Salvador. Xesús de Nazaré preséntase

■ 1 ■

Deus envía o seu Fillo ao mundo para encher as esperanzas de salvación que tiña o Pobo de Israel.



■ De tal xeito amou Deus o mundo que lle deu o seu Fillo unixénito, para que todo o que crea nel non se perda, senón que teña a vida eterna. (Xn 3,16)

■

■

2

Xesús vén proclamar a conversión do corazón, a auténtica liberación e salvación.



3



■ Nós vimos e testificamos que o Pai enviou ao seu Fillo como Salvador do mundo. (1 Xn 4,14)

■ Nós sabemos que o Fillo de Deus veu... para darnos a coñecer ao verdadeiro Deus e a vida eterna. (1 Xn 5,20)

Deus envía o seu Fillo para que...	Xesús afirma que vén para...
<ul style="list-style-type: none"> • Todo o que crea nel... teña a _____. • O mundo se _____ por el. • Recibísemos a condición de _____. 	<ul style="list-style-type: none"> • _____ o que estaba perdido. • _____ e dar súa _____. • Chamar aos _____. • Liberar aos _____.



Memoria esperta

Enviado por Deus para salvarnos

■ ¿Quen enviou ao mundo a Xesús?

■ ¿Para que vén Xesús ao mundo?

O Fillo de Deus fíxose home para:

■ ¿Que nos trae Xesús?



Mans activas

Acoller a Xesús

Moita xente escoitou a Xesús e acolleu as súas palabras. Algúns fixéronse os seus amigos e tratárono con cariño.

■ Zaqueo



■ Xesús... díxolle:

-Zaqueo.., hoxe teño que parar na túa casa.

Zaqueo acolleuno moi contento... E díxolle ao Señor:

-Darei a metade de todo canto teño aos pobres; e, se algo roubei a alguén, devolvéille catro veces máis.

Xesús dixo:

-Hoxe chegou a salvación a esta casa. (Lc 19,5-6.8-9)

■ Marta e María



■ Marta acolleuno na súa casa... Tiña unha irmá chamado María, que, sentada aos pés do Señor, escoitaba as súas palabras. Marta... díxolle:

-Señor, ¿non che importa que a miña irmá me deixe a min o traballo? Dille que me bote unha man.

O Señor respondeulle:

-Marta, Marta, preocúpaste e desacógaste con tantas cousas, pero soamente unha é a necesaria. María escolleu a mellor parte, e esa nunca se lle vai quitar.. (Lc 10,38-42)

■ Unha muller



■ Estando Xesús na casa de Simón, chegou unha muller... cun perfume de nardo puro, moi caro... e unxiulle a cabeza. Algúns indignáronse e dixeron:

-¿A que vén este estrago de perfume?

É alporizábanse contra ela. Xesús dixo:

-Deixádea, ¿por que a molestades? Ben está o que fixo comigo.

(Mc 14,3-7)

▶ ¿Como recibiron a Xesús cada un destes personaxes?

▶ ¿Que comportamento admiras máis? ¿Como respondeu Xesús?

Nós acollemos a Xesús

No Nadal Xesús quere visitarnos, facerse amigo noso. Espera de nós unha resposta.



■